

## DOCUMENTACIÓN

No curso creado na Aula virtual do CFR de Lugo pódese acceder ao programa de contidos máis detallado e á documentación da actividade.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrlugo>

Pulsar en “Aula virtual”

Pulsar en “Área Lingüística e Social” e no nome da actividade ou a través da seguinte ligazón:

<https://goo.gl/3cfIyj>



## DURACIÓN

20 horas

## OBSERVACIÓNS

Para a correspondente certificación é obrigatoria a presenza nun 85% do total de horas.

## MÁIS INFORMACIÓN

Asesora: Marta Arias López

Email: [cfr.lugo.linguisticosocial@edu.xunta.es](mailto:cfr.lugo.linguisticosocial@edu.xunta.es)

Teléfono: 982251068



**Lugar de celebración:**  
Salón de actos do CFR de Lugo

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

 **CFR**  
LUGO centro de  
formación e recursos

## OBXECTIVOS E CONTIDOS

### OBXECTIVOS

1. Integrar ferramentas e metodoloxías comunicativas que fomentan estratexias para desenvolver as habilidades de pensamento en ambientes culturais variados.
2. Xerar oportunidades para favorecer nas aulas a aprendizaxe dialóxica, fomentando a creatividade, a tolerancia e o espírito crítico.
3. Valorar a dimensión emocional dos procesos de aprendizaxe e ensino.

### CONTIDOS

1. Xogar a pensar. Percibir, sentir e pensar para aprender.
2. As habilidades de pensamento. Estratexias para o seu desenvolvemento.
3. O diálogo como ferramenta de aprendizaxe. Aprendizaxe dialóxica.
4. Saber, saber facer, saber ser. As competencias clave.
5. A dimensión emocional da aprendizaxe.

## DATAS E HORARIO

### María Carmen Loureiro López

20 de febreiro de 2017 – 17:30 h a 21:00 h

*O pensamento dialóxico e as competencias comunicativas*

### María Carmen Loureiro López

22 de febreiro de 2017 – 17:30 h a 21:00 h

*O pensamento dialóxico e as competencias comunicativas*

### María Mar Santiago Arca

8 de marzo de 2017 – 18:00 h a 21:00 h

*Xogar a pensar con contos, arte e xogos*

### Javier Francisco Rouco Ferreiro

15 de marzo de 2017 – 18:00 h a 21:00 h

*Re-pensando a arte contemporánea*

### María Mar Santiago Arca

23 de marzo de 2017 – 18:00 h a 21:00 h

*Xogar a pensar con contos, arte e xogos*

### María Angélica Lucas Sátiro

27 de marzo de 2017 – 17:00 h a 21:00 h

*Xogar e pensar. Atención e intención creativa*

## PROFESORADO RELATOR

### María Carmen Loureiro López

María Carmen Loureiro López é licenciada en Psicoloxía pola UAM, diplomada en Profesorado de Educación Xeral Básica, integrante da Asociación de Filosofía para nenos e nenas de Galicia e profesora de lingua en secundaria no IES Illa de Arousa.

Experta no traballo en temáticas como a intelixencia e a educación emocional, a convivencia, a aprendizaxe dialóxica, estratexias comunicativas e a comunicación eficaz, prevención e resolución de conflitos, educación inclusiva, atención á diversidade, etc.

### María Mar Santiago Arca

María Mar Santiago Arca traballa no CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña.

Diplomada en Profesorado de Educación General Básica e é licenciada en psicopedagogía.

Participou como relatora en numerosas actividades formativas (metodoloxías innovadoras, habilidades de pensamento, ABP, aprendendo a pensar...).

Cotutora do curso "Filosofía para nenos e nenas". Integrante da Asociación de Filosofía para nenos e nenas de Galicia.

Ten diversas publicacións e tamén participou en libros colectivos. Ver curso aula virtual.

### Javier Francisco Rouco Ferreiro

Javier Francisco Rouco Ferreiro é doutor en Pedagogía. Doutoramento en Intervención pedagóxica, territorio e desenvolvemento comunitario en Galicia.

Mestre de educación infantil e primaria. Traballa no CEIP Rosalía de Castro de A Coruña.

Profesor Asociado na Universidade da Coruña (Facultade de CC. da Educación). Foi asesor no CFR da Coruña. Integrante da Asociación de Filosofía para nenos e nenas de Galicia

Participou en conferencias y seminarios científicos impartidos. Impartiu cursos seminarios de formación docente e publicou numerosos artigos na revista Cadernos de Pedagogía, varios libros e colaborou en diversos capítulos de moitos outros.

### María Angélica Lucas Sátiro

María Angélica Lucas Sátiro é doutora en Pedagogía pola Universidade de Barcelona. Investigadora con estudos superiores (DEA) en Filosofía Práctica pola Universidade de Barcelona. Máster en Creatividade Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela. Posgraduada en Temas Filosóficos pola Universidade Federal de Minas Gerais. Posgraduada en Pedagogía Empresarial pola Universidade Estatal de Minas Gerais. Especializada en Filosofía para Nenos pola Universidade Estatal de Montclair. Licenciada en Pedagogía pola Universidade Estatal de Minas Gerais. A súa investigación teórica e práctica relaciónase con temas como cidadanía creativa, creatividade e innovación social, ética e creatividade ou desenvolvemento da capacidade de pensar e a acción cidadá.

É directora da Casa Creativa, que ofrece consultoría a diversos tipos de institucións (ministerios, concellos, universidades, fundacións, etc.), en distintos países de América, África e Europa. É presidenta da Asociación CREARMUNDOS BCN e creadora da Rede de Redes CREARMUNDOS, cuxos obxectivos son facilitar a creación, a produción e a comunicación de procesos e produtos ético-creativos e conectar proxectos afíns.

É educadora desde os anos oitenta. Impartiu cursos e conferencias en distintos países. É escritora, con distintas publicacións (máis de oitenta libros e cento cincuenta artigos) en varios idiomas: castelán, catalán, galego, italiano e portugués.